ONDE COMER E BEBER

O Concello de Boqueixón, situado nas fértiles beiras do Ulla, conta cuns excelentes viños e augardentes, ademais da afamada tarta de Lestedo e do premiado Bo-Queixo de Orto. Destaca tamén a elaboración doutros manxares típicos galegos como empanadas, polbo, churrasco, orella,... que se poden desfrutar nos establecementos hostaleiros:

Café Bar O´26 *(Lestedo) 626 679 342*
Bar O Rincón de Pepe *(Lestedo) 649 082 030*
Restaurante A Picotiña *(Lestedo) 981 502 390*
especialidades en orella e polbo
Parrillada Os Rufos *(Lestedo) 981 503 156 / 650 264 604*
Restaurante Fachal *(Lestedo) 981 503 083 / 690 182 833*
especialidade en churrasco
Polbería Fontes *(Lestedo) 981 503 234*
Cervexería Vikingo *(Lestedo) 639 832 597*
Restaurante Vía da Prata *(Lestedo) 981 502 102 / 630 941 372*
Restaurante O Imprevisto *(Boqueixón) 981 513 030*
especialidade en callos e carne ó caldeiro
Café Bar Latino *(Boqueixón) 981 513 004 / 619 604 895*
A Taberna d´ San Benito *(Sergude) 610 447 941 / 660 097 554*
Casa de Xantar Casa Castro *(Sergude) 981 511 823*
Parrillada O Breixo *(Sergude) 981 814 703 / 649 469 493*
Taberna O Portugués *(Sergude) 981 513 134*
Polbería Rosende *(Sergude) 981 511 803*
Café Bar A Barreira *(Sergude) 679 678 216*
especialidade en churrasco
Café Bar A Casa de Lenin *(Sergude) 981 539 998 / 664 161 982*
Café Bar O Záramo *(Sergude) 981 511 683 / 630 824 316*
Café Bar Vente Vindo *(Sergude) 981 511 947 / 651 077 018*
Restaurante Don Sancho *(Ledesma) 981 514 241*
especialidade en bacallau
Restaurante Nervioso *(Camporrapado) 981 514 071 / 625 631 117*
Parrillada A Cañiza *(Camporrapado) 646 579 257 / 626 736 778*
Cervexería Abadía *(Camporrapado) 981 514 067*
Café Bar O Rincón de Tania *(Camporrapado) 669 832 867*
Parrillada A Cruz *(Vigo) 981 513 100*
Parrillada Casa Brea *(Lamas) 981 513 146*
Café Bar Castro *(Lamas) 981 513 064*
Café Bar Couto *(Lamas) 981 513 094*
Café Bar Quintela *(Loureda) 981 513 049*
Café Bar García *(Codeso) 981 512 406*
Restaurante "O Balado" *(Codeso) 639 893 749 / 657 290 362*

ONDE DURMIR

As dúas hospedaxes de Boqueixón son:

Casa de turismo rural "Casa de Casal"
Lugar de Cachosenande, 17.
Teléfono: 981 503 227
www.casadecasal.com

Casa de Aloxamento "Casa Agra Devesa"
Pumares - Sergude.
Teléfono: 696 845 681

BOQUEIXON
Turismo e Gastronomía

+ info:

**WWW.
BOQUEIXON
.COM**

Boqueixón A PAISAXE

Deputación DA CORUÑA

Concello de BOQUEIXÓN

COÑECE BOQUEIXÓN

BOQUEIXON
Turismo e Gastronomía

PICO SACRO

PONTE LEDESMA

BOQUEIXÓN

Dende as alturas do Monte Castelo, ó pé do Camiño Francés, ata a depresión do Ulla en Ponte Ledesma, pasando polo sempre presente Pico Sacro, Boqueixón, este concello eminentemente rural, conta nas súas catorce parroquias con paraxes de gran beleza natural e interesantes lugares onde se percibe a autenticidade da Galicia interior. Recomendamos ó visitante unha completa xornada por terras de Boqueixón, con argumentos como estes...

Loureda: Mirador do Monte Castelo e Igrexa parroquial
Gastrar: Área recreativa, Centro de Interpretación dos Muíños e Castro
Vigo: Fervenza
Lamas: Cruceiro e Igrexa parroquial
Boqueixón: Igrexa parroquial
Codeso: Área natural da Capela de San Paio, con muíños e fervenza
Donas: Mirador sobre a Ponte do Gundián, Burga (augas medicinais)
Sucira: Área recreativa do río Ulla
Ledesma: Área recreativa das Ínsuas de Gres e Ponte vella dos nove arcos
Oural: Igrexa parroquial e Capela de Castro
Pousada: Capela de Nosa Señora da Fonte
A Granxa: Igrexa de San Lourenzo e Pico Sacro
Lestedo: Centro de Interpretación do Pico Sacro, Fervenza de Ramil, Igrexa de Santa María de Lestedo e zona comercial
Sergude: Capela de San Bieito de Rodiño

FESTAS CON MÁIS TRADICIÓN:

FESTA DA FILLOA DE LESTEDO
Festa declarada de Interese Turístico de Galicia
SAN BIEITO DE RODIÑO
SAN CIDRE DE OURAL
XENERAIS DA ULLA DE SERGUDE E LESTEDO
Festa declarada de Interese Turístico de Galicia



PICO SACRO

Érguese á carón de Compostela unha das montañas máis míticas e coñecidas de Galicia, o Pico Sacro, airoso e dominante sobre os vales do curso medio do Ulla. Fonte de innumerables lendas e contos populares, este monte foi venerado polos habitantes da comarca antes e despois do cristianismo. Unha lenda recollida no Códice Calixtino achega o Pico Sacro á historia Xacobea, xa que no alto do monte tiveron lugar os famosos feitos do dragón e dos touros bravos, que atacaron ós discípulos do Apóstolo e foron dominados grazas á Fé.

Outra lenda fálanos tamén de traballos romanos na busca de ouro para explicar a presenza das dúas covas preto do cumio e dunha gran fenda nas rochas, chamada a rúa da Raíña Lupa. A súa forma puntiaguda, capaz de parar e desfacer treboadas, a súa peculiar morfoloxía a base de rochas de cuarzo cristalizado e a súa altura de case 600 metros fai que unha excursión ó seu cumio sexa toda unha experiencia.

O Pico Sacro esconde tamén os restos dunha fortaleza medieval e os tesouros arquitectónicos da Capela de San Sebastián e da Igrexa de San Lourenzo de A Granxa, que teñen as súas orixes nun antigo mosteiro do século IX.

COMO CHEGAR

Tomando como referencia Compostela, resulta moi sinxelo chegar e percorrer as parroquias de Boqueixón. A N-525 Santiago-Ourense chega ó noso municipio a escasos oito quilómetros da cidade, entrando a Boqueixón pola Susana, pasando despois polas parroquias de Sergude e Lestedo. Na Susana tamén se pode enlazar coa AC-960, que chega ata o río Ulla en Ledesma percorrendo a maioría de parroquias de Boqueixón. Tamén é factible achegarse dende Touro ou Ponte Ulla, tomando a AC- 940, ou dende Sar se collemos a AC-961. Outra maneira é facelo dende a estrada Lugo- Santiago, nas proximiades do Aeroporto de Lavacolla, collendo unha estrada local que pasa polas parroquias máis norteñas de Boqueixón.